



BOLETIN CULTURAL DA ASOCIACIÓN HERMINIO BARREIRO.

Editorial. Xaneiro, nome que procede da deidade romana Xano (Janus), o deus de dúas caras. O deus dos principios e dos finais, motivo polo cal foi nomeado o primeiro mes do ano, como símbolo do cambio. Na nosa asociación este mes tamén vai traer cambios, orientados a aumentar a nosa capacidade de traballo en prol da cultura, do deporte e do compromiso social no noso concello. Pero neste mes ademais, cúmprense anos do pasamento do que probablemente sexa o galego mais ilustre da nosa historia, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Por este motivo adicámoslle un espazo mais longo do habitual, nun traballo moi interesante, e lectura imprescindible para saber quen foi, como viviu e como influenciou a súa figura na súa época e en todos os días posteriores ata hoxe.

Non vos esquezaades, no medio disto, de achegarvos o tramo de río que transcorre entre a ponte de Cabanelas e Pontearnelas o proximo domingo 12 de Xaneiro, pois o II Duatlon Cross Ribadumia. organizado entre esta asociación e o Club Nautico O Muiño, celebrárase ali a partires das once da mañá, con cento e medio de participantes e moita, moita lama. Sen dubida un gran espectáculo deportivo, que non vos podeades perder.

Saudos.

Indice:

- Persoeir@ do mes: **Castelao**.
- Que vai ocorrer este mes en Ribadumia.
- Última paxina: debido a longa extensión que lle adicamos o noso querido Castelao, este mes non publicaremos a última paxina.

Persoeir@ do mes:



Alfonso Daniel

Manuel Rodríguez Castelao, nado en Rianxo o 30 de xaneiro de 1886 e finado no exilio, en Bos Aires (Arxentina) o 7 de xaneiro de 1950, está considerado o Pai do nacionalismo galego. Castelao foi un intelectual comprometido coa terra e co país. Na súa persoa reuníanse as facetas de narrador, ensaísta, dramaturgo, debuxante e político galego, chegando a ser a figura máis importante da cultura galega do século XX. Ademais, estudou medicina, pero confesaba: *"Fíxenme médico por amor ao meu pai; non exerzo a profesión por amor á humanidade"*.

Foi homenaxeado co segundo Día das Letras Galegas, no ano 1964. En decembro de 2011 a Xunta de Galicia declarou a súa obra como Ben de Interese Cultural inmaterial.

Entremos a fondo na súa vida e obra:

Primeiros anos

Naceu o 30 de xaneiro de 1886 en Rianxo, sendo o primeiro fillo de Mariano Rodríguez Dios, mariñeiro dedicado a facer velas para barcos (m. 12 de novembro de 1932), e de Joaquina

Castelao

Gemme (m. 24 de xaneiro de 1945). O

mesmo día do seu nacemento foi bautizado na igrexa de Santa Comba, sendo os seus padriños Pilara

e Francisco Castelao, irmáns da nai.

Aos tres meses do nacemento de Daniel, o pai emigrou a Arxentina, onde instalou con éxito unha "pulpería", e aquel foi criado especialmente polos seus avós maternos Teresa e José

Ramón, carpinteiro de profesión e coñecido polo alcume de *Pepe de Castelao*.

Na casa e na escola chamárono sempre Daniel, non Alfonso como, por iniciativa propia, puxo na partida o crego, por ser nado no mesmo ano en que se agardaba o nacemento do futuro rei, ó que se lle tiña destinado o nome de



Casa de Castelao en Rianxo



Inscrición na casa de Castelao

Alfonso. Posteriormente adoptou o nome de *Alfonso R. Castelao* ou, sobre todo na sinatura dos seus debuxos, simplemente *Castelao*.

Sendo cativo foi veciño dos Dieste e moi amigo de Eduardo, irmán do futuro escritor rianxeiro Rafael Dieste.

A finais de 1895, Daniel emigrou coa súa nai para ir vivir co pai en Bernasconi, na Pampa. Ambos embarcaron, como tantos emigrantes, no porto de Vilagarcía de Arousa no bote *Lloyd Norte*, propiedade dunha empresa alemá.

"Tiña eu once anos cando meu pai, que estaba na Arxentina, nos chamou cabo de si; e alá fomos embarcados miña nai e mais eu, nun paquete alemán."
Castelao. O segredo.

Durante a estadía da familia na Arxentina nacerían as súas únicas irmás: Josefina (1897-1972) e Teresa (1898-marzo 2000).



Facultade de medicina da Universidade de Santiago de Compostela

Residiu en Arxentina até o 1900 e alí, segundo el mesmo conta, descubriu o valor da caricatura lendo *Caras y*

Caretas, onde Xosé María Cao Luaces publicaba as súas caricaturas.

En 1900 deciden volver para que Castelao estude medicina en Compostela.

De volta en Rianxo instálanse na casa número 7 da Rúa de Abaixo. Nesas datas comeza a tomar clases de debuxo de María Dios Rivademar no Caramiñal. Máis adiante, o pai volveu a Arxentina para regresar definitivamente en 1903 e, cos ingresos que acumulara alí, mellora substancialmente a situación económica da familia polo que puido dedicarse á política (chegou a ser alcalde de Rianxo en 1907 e en 1923) e dar estudos ao fillo.

Estudos e activismo

De 1900 a 1903, Castelao estudou no Instituto Xeral e Técnico o bacharel de Artes e, entre 1903 e 1909, cursou a carreira de Medicina na Facultade da Universidade de Santiago de Compostela. Xa alí prendeu a idea en Castelao dunha Galiza "*máis xusta, máis libre, máis farturenta*", á vez que, en propias palabras de Castelao, "*a nosa mocidade empurrábanos ao separatismo*".

Durante os seus anos na universidade agroma tamén o seu interese polo debuxo e a pintura, e en especial pola caricatura, ademais de pola música, posto que tocaba na tuna. En 1908 expuxo os seus debuxos en Madrid e comezou a colaborar coa revista viguesa *Vida Gallega*. Entre 1909 e 1910 fixo un curso de doutorado en Madrid e participou nos II e III Salón Nacional de Humoristas, á vez que colaboraba como ilustrador con *El Cuento Semanal*. Acadou unha medalla de ouro na Exposición Rexional de 1909 de Santiago, co tríptico *Unha festa na aldea*.

É nese momento en que reside en Madrid cando lle confesa ó seu pai que é "*artista antes que nadd*" e que "*no he pensado en ser doctor más que por satisfacerle a Vd. Yo soy artista y solo ambiciono vivir del arte, lo contrario sería mi desgracia*". O feito é que regresou de Madrid sen lograr o doutorado.

Aínda así continuou na medicina. En xuño de 1910 regresa a Rianxo e instálase na casa dos avós, onde comeza a exercer como médico rural. Nese tempo diagnóstícanlle unha tuberculose e vese obrigado a pasar unha tempada de repouso na Toxa, en setembro. Xa en 1911 asiste en Santiago a un breve curso do doutor Varela Radío para especializarse en obstetricia, pero en maio reaparece a enfermidade e ten que ser operado en Santiago dunha adenopatía laterocervical.

En Rianxo, axiña comeza a participar na



Igrexa de Santo Paio, A Estrada.

vida política local dentro do Partido Conservador local, liderado polo seu pai, e é neste período cando colabora con Xosé Arcos, Eduardo Dieste e outros na fundación do semanario *El Barbero*

Municipal (1910-1914), no que publicou as súas primeiras caricaturas e escribiu atacando o réxime caciquil galego,

personificado en Manuel Viturro Posse, secretario daquela da Deputación Provincial. Segundo José Antonio Durán asinou algúns comentarios breves cos pseudónimos de *Maquise Asieumedre*.

Dá a súa primeira conferencia en marzo de 1911, en Vigo, falando sobre a caricatura e ao longo dos anos seguintes realiza exposicións das súas caricaturas en diversas cidades galegas.

O 15 de febreiro de 1912, presenta en Ourense a súa primeira exposición individual. Durante esta época colaborou con *El Liberal*, *La Tribuna*, *El Parlamentario*, *El Gran Bufón*, *Mi Tierra*, *Suevia*, *La Voz de Galicia* de Bos Aires, publicacións que axudaron a popularizar as súas caricaturas. Nese mesmo ano adheriuse ao movemento Liga Agraria de Acción Gallega, dirixido por Basilio Álvarez.

O 19 de outubro dese ano 1912 casou con Virxinia Pereira Renda (A Estrada, 1884 - Madrid, 1969), na igrexa de San Paio da Estrada, sendo oficiada a cerimonia polo seu amigo o crego Antonio Rey Soto.

O 1º de febreiro de 1914 naceu na Estrada o seu único fillo, Alfonso Xesús de Braga. Outro fito transcendente na vida de Castelao acontecido nese ano de 1914 foi un desprendemento de retina que o deixa case cego, pero unha operación devólvelle a vista. Aínda así, esta quedoulle moi reducida durante o resto da súa vida e, segundo el mesmo escribiu, foi un dos motivos polos que decide abandonar definitivamente a medicina e buscar un traballo máis seguro como funcionario. Aínda así, volveu exercer como médico en

Rianxo durante a epidemia da gripe de 1918.

En *Retrincos* (formado por relatos breves autobiográficos) escribe en 1927 que "*por amaina-la concencia guindei co meu tido de médico no fondo dunha gaveta e busquei outra maneira de me valer*".

Artista e galeguista

Así, en decembro de 1915 vai a Madrid a opositar a funcionario do Instituto Xeográfico Estatístico, á vez que aproveita para participar nunha Exposición de Humoristas e na Exposición de Belas Artes de Madrid, na que obtén grandes eloxios da crítica. Aprobada a devandita oposición, comeza a traballar como auxiliar de Estatística en Pontevedra a principios de 1916, onde residiría xa ata 1936.

Nese mesmo ano de 1916 participa como figurante no filme *Miss Ledyia*, rodado en Pontevedra por José Gil y Gil. Xa en 1918 volve opositar e mellora a praza de funcionario en Pontevedra, á vez que comeza a traballar como profesor adxunto da cátedra de Debuxo, no instituto de segunda ensinanza de Pontevedra, onde coñece a Antón Losada Diéguez cando este vén como catedrático de Psicoloxía, Lóxica e Ética. Fíxose cargo da cátedra de Debuxo, por baixa do titular, durante quince meses.

En Pontevedra comeza a colaborar axiña cos intelectuais da vila e nos círculos culturais que alí existían, como a charla do farmacéutico Perfecto Feijoo, o coro *Aires da Terra* e na creación da Coral

Polifónica (en 1925). O Castelao escenógrafo naceu precisamente para os decorados dunha das representacións desta Coral. Máis adiante, en 1927, participará como membro fundador do Museo de Pontevedra.

En 1916 nacen na Coruña as *Irmandades da Fala*, da man de Antón Vilar Ponte. Castelao



ingresa nas *Irmandades* xa nese primeiro

[Castelao foi un colaborador habitual do xornal A Nosa Terra, voceiro das Irmandades da Fala e, mais tarde, do Partido galeguista](#)

ano e promoveu a constitución dunha delegación local en Pontevedra, actuando tamén como delegado nas Asambleas Nacionalistas que se celebraron posteriormente. Do mesmo xeito, colabora asiduamente en *A Nosa Terra*, voceiro das Irmandades. En 1918 comezou a colaborar co xornal madrileño *El Sol*, ata 1922.

En 1919 nace o Castelao narrador, coa publicación de catro relatos breves na revista *A Nosa Terra*. Este estilo literario, tan característico da obra de Castelao, comezou a publicarse como *contos* pero pronto pasou a constituírse nas *Cousas*, primeiro formadas só por textos e logo por textos ilustrados por el mesmo e que foron publicándose en distintos medios e, anos despois, agrupados baixo formato libro (con modificacións formais, engadidos e supresións) baixo os títulos de *Cousas*.

Primeiro libro (1926), *Cousas. Segundo libro* (1929) ou *Retrincos* (1934).

Tamén en 1919 se publica o seu primeiro ensaio en galego, *Arte e galeguismo* (conferencia pronunciada xa anos antes e en distintos foros, en castelán) e, xa en 1920, *Humorismo. Debuxo humorístico. Caricatura*.

En 1920, Vicente Risco, Otero Pedrayo e outros fundan a revista *Nós*, da que Castelao foi Director Artístico a partir de marzo de 1923. Ó redor de *Nós* xermolou a vida política e cultural de Galiza ata a súa desaparición en 1936. En marzo dese ano 1920 inaugúrase na Coruña a súa exposición *Nós*, con 49 debuxos e un autorretrato; tamén se presentou en Madrid e en Ourense e, xa en 1921 e seguintes, noutras cidades galegas e mais en Barcelona. Esta exposición foi publicada como álbum en 1931. Á parte do que representou para el mesmo desde o punto de vista artístico e de recoñecemento público, a *Exposición Nós* deu pé a numerosas conferencias e actos culturais ó seu redor nas cidades onde se presentou. No caso da presentación en Santiago, en 1924, serviu de feito para o recoñecemento oficial do Seminario de Estudos Galegos (fundado o ano anterior), coa presenza do máis selecto da intelectualidade galega e do propio arcebispo de Santiago, Manuel Lago.

"O álbum Nós foi moito máis que un evento de arte. Foi o redescubrimento de un pobo, que leva o drama de vivir ás costas. Foi unha campanada, a máis forte e a máis fonda, que se deu na conciencia colectiva. Foi un estremecimento social que viría destinado a soerguer o espírito de Galicia."

Valentín Paz Andrade.

Castelao foi nomeado membro do Seminario na segunda xuntanza celebrada (novembro) e ingresou oficialmente o 4 de maio de 1924, coincidindo coa exposición do álbum *Nós* en Santiago. Colaborou co Seminario desde o primeiro momento, deseñando o anagrama co graal, a pomba e as estrelas e



Castelao publicou en
El Pueblo Gallego

dirixindo a sección de Arte e Literatura. O Seminario publicaría o seu estudo sobre *As cruces de pedra na Bretaña* (1930) e aprobou a publicación d'*As cruces de pedra na Galiza* na que foi a súa última xuntanza, en 1936, que precedeu á súa disolución.

En 1921, grazas a unha bolsa de viaxe da *Junta de Ampliación de Estudios*, viaxou a Francia (París), Bélxica (Bruxelas, Gante, Bruxas e Antuerpen) e Alemaña (Berlín e Múnic) para estudar a arte deses países; froito desa viaxe realizada entre xaneiro e outubro foi o diario que escribiu e que publicou parcialmente a revista *Nós* en 1922-1923 (e, finalmente, como libro, en 1977 co título de *Diario 1921*).

En 1922 publica a súa obra *Un ollo de vidro. Memorias dun esqueleto* (o seu primeiro relato publicado como libro independente). Publicouna a editorial Céltiga, promovida

polas *Irmandades da Fala* de Ferrol. Neste mesmo ano, no mes de marzo, prodúcese a escisión das Irmandades da Fala na IV Asemblea, realizada en Monforte de Lemos. Castelao xúntase con Vicente Risco e crean a Irmandade Nazionalista Galega (ING), liderada por Risco, e da que Castelao foi delegado en Pontevedra. Co tempo vaise afastando progresivamente desta corrente conservadora e, tralo silenciamento político do nacionalismo galego durante a ditadura de Primo de Rivera, aparecerá aliñado coa tendencia de esquerda.

Entre 1924 e 1925 publica no diario *Galicia* (fundado en 1922 e dirixido por Paz Andrade) unha viñeta diaria e algúns textos. En 1926 pecha *Galicia* e publica as súas viñetas en *Faro de Vigo* e os textos, as *cousas*, en *El Pueblo Gallego*. En total, entre 1926 e 1927 publica 36 *cousas*, que se repiten noutros medios (como na



En 1929, Castelao marcha á Bretaña para estudar os cruceiros, como este de Croix de Pennavern.

revista *Céltiga* ou *Al ma Gallega*). Cabe destacar tamén nesta época as portadas e ilustracións que crea para diferentes publicacións, como *Oraciós campesiñas*, de Eladio Rodríguez; *Vento mareiro* ou *Na noite estrelecida* de Ramón Cabanillas.

En 1925 publícase o seu libro de debuxos *Cincoenta homes por dez réas*.

A finais de 1927 sufriu unha forte recaída da súa cegueira de hai anos que lle fixo perder a retina do ollo dereito e parte da

do esquerdo, polo que ten que someterse a un duro tratamento.

O 3 de xaneiro de 1928 morreulle o seu fillo Alfonso Xesús, sen cumprir aínda os 14 anos e despois dunha infancia con continuos problemas de saúde, o que o deixa tan abatido que practicamente deixa de escribir e debuxar durante case dous anos. Cunha nova axuda da *Junta de Ampliación de Estudios*, marchou na primavera de 1929 a Bretaña coa súa dona, en viaxe de estudos para estudar os cruceiros bretóns, traballo que se materializou no libro *As cruces de pedra na Bretaña*, editado polo Seminario de Estudos Galegos en maio de 1930. Tamén quedou fondamente afectado pola morte de Antón Losada Diéguez o 15 de outubro de 1929.

Outra publicación desta época de especial transcendencia foi un traballo en colaboración con Fermín Bouza-Brey sobre os *Escudos de Rianxo*, publicado en *Nós*. De aí sairá o modelo do futuro escudo de Galiza coa serea, a bandeira e a lenda *Denantes mortos que escravos*.

Na II República

Trala caída de Miguel Primo de Rivera a principios de 1930 xorden en Galiza os primeiros movementos dirixidos á constitución do galeguismo político ó redor da Organización Republicana Gallega Autónoma (ORGA) e da convocatoria da VI Asemblea Nacionalista, na que Castelao participa en representación do Partido Galeguista de Pontevedra. En setembro dese ano forma parte do grupo que asina o "Compromiso de Barrantes", que apoian galeguistas de tódalas tendencias

(nacionalistas, republicanos, agraristas, etc.). No mes de xuño de 1931 preséntase como candidato independente por



Fundación do Partido Galeguista, 7 de Decembro de 1931

Pontevedra ás Cortes constituíntes da II República Española, resultando elixido deputado.

A Federación Republicana Gallega (FRG-ORGA) obtivo 15 dos 47 escanos galegos e formou grupo parlamentario propio, denominado *Minoría gallega*, no que se integraron Castelao e Otero Pedrayo. Co tempo e ó comprobar que a FRG-ORGA non era quen de recoller as demandas dos galeguistas, estes deciden constituír o Partido Galeguista, o que acontece en decembro de 1931. As Irmandades da Fala, ás que pertencía Castelao, disólvense no novo partido. Moi pouco tempo despois (primeiros de 1932), Castelao e Otero Pedrayo deixan de formar parte desa "minoría gallega", dominada pola ORGA.

Unha vez aprobada a Constitución de 1931 que designaba un Estado integral, que non era senón unha república unitaria, o galeguismo político, entre cuxos persoeiros destacaba Castelao, pescudou a autonomía de Galiza a través dun estatuto de seu. En abril de 1932 o concello de Santiago convoca unha Asemblea de Concellos

Galegos que se celebra nesa cidade en decembro dese ano e aproba o anteproxecto do Estatuto, co voto favorable de 256 concellos que representaban o 80% da poboación galega. O proceso non prosperou porque o goberno central atrasou a aprobación do Estatuto nas Cortes.

En xullo de 1933 foi nomeado académico de número da Real Academia Galega, a proposta de Marcelo Macías García, Vicente Risco e Ramón Otero Pedrayo, e o acto de ingreso realizouse en 1934. O 25 de xullo deste ano Castelao tomou posesión trala lectura do seu discurso sobre *As cruces de pedra na Galiza*, texto preparatorio do que sería o libro que se publicaría moito despois, trala súa morte. Respondeu a este discurso Antón Vilar Ponte.

O 25 de xullo de 1933, os galeguistas promoven unha alianza cos nacionalistas vascos e cataláns, o que se coñeceu como pacto Galeusca. Durante ese ano traballa no deseño da escenografía da obra de Valle-Inclán *Divinas palabras*, estreada en Madrid o 16 de novembro de 1933 da man da compañía de Margarita Xirgu.

En setembro deste ano disólvense as Cortes e Castelao non consegue saír elixido na nova convocatoria celebrada en novembro: a dereita obtén unha contundente vitoria e os galeguistas unha sonada derrota que os deixa sen representación parlamentaria. Ó non ter que dedicar tanto tempo á actividade política, volve ó seu traballo artístico e literario e publica, no ano 1934, *Retrincos* e a súa novela *Os dous de sempre*. Reedítanse tamén as *Cousas* nun volume conxunto que

agrupa o *Primeiro* e o *Segundo* libro. Tamén en 1934, como xa se dixo, ingresa oficialmente na Real Academia Galega. En todo caso, Castelao non deixa a actividade política e na III Asemblea do Partido Galeguista (xaneiro de 1934) é nomeado Secretario Político do partido (e Alexandre Bóveda, Secretario de Organización).

A revolución de Asturias e a proclamación da república en Cataluña en outubro de 1934 dá lugar a unha violenta reacción do goberno conservador que reprime duramente calquera actuación da esquerda. É o que se coñece como Bienio negro. Como consecuencia en Galicia, o Partido Galeguista é practicamente descabezado, as súas sedes pechadas e a publicación *A Nosa Terra* suspendida.

Castelao foi desterrado por medio dun traslado administrativo forzoso a Badaxoz a finais de outubro de 1934 (e Bóveda a Cádiz). Durante a súa estada en Extremadura escribiu para *A Nosa Terra* unha serie de 14 artigos co título de *Verbas de chumbo* que posteriormente se integrarían en *Sempre en Galiza*. Desde o exilio lanza duras críticas a Vicente Risco e outros membros da dereita galeguista. O 6 de setembro de 1935 púxose fin ao desterro tralas xestións do novo Ministro da Gobernación, Manuel Portela Valladares (que iniciara xa en abril) e Castelao e Bóveda son repostos nos seus destinos en Pontevedra e reciben a homenaxe en desagravio de numerosos políticos e escritores.

En 1936 constitúese a Fronte Popular, que acolle as reivindicacións autonómicas galegas, e, o 25 de xaneiro, o Partido Galeguista aproba a integración, decisión

que produce a escisión de certos membros da dereita, como Risco, que se adhíren na *Dereita Galeguista*. Nas eleccións celebradas en febreiro, a Fronte Popular consegue un notable éxito (en Galiza, 26 deputados, fronte a 9 do centro e 11 da dereita), e Castelao resulta elixido de novo deputado. Tras estes resultados puideron crearse de novo as condicións necesarias para a reactivación do Estatuto, e en maio convocado o plebiscito para o 28 de xuño.

Castelao e o Partido Galeguista protagonizaron a campaña polo *sí* ao Estatuto de Autonomía de Galiza, xunto a *Izquierda Republicana*, os centristas de Portela Valladares e a *Dereita Galeguista* de Risco. Castelao participou con innumerables mitins e a creación de carteis (aspecto este no que tamén participaron Maside, Seoane ou Camilo Díaz). Finalmente, o Estatuto foi aprobado por unha amplísima maioría e unha alta participación (de case o 75%). Castelao marchou a Madrid xa a primeiros de xullo e agardou alí á Comisión que entregaría oficialmente o proxecto ó Goberno. O día 14 de xullo reuníronse co Presidente das Cortes, Diego Martínez Barrio, e o 17 con Manuel Azaña, Presidente da República. O día seguinte comeza a Guerra Civil.

Henrique Monteagudo escribe que:

A viaxe de Castelao a Madrid... foi providencial, pois se o estoupido da guerra o tivese sorprendido en Galicia, tería sido con seguranza vítima da represión, o que como mínimo lle tería custado longos anos de prisión, e probablemente acabaría os seus días como tantos outros compañeiros seus: Ánxel Casal, Alexandre

*Bóveda, Víctor Casas, Xaime Quintanilla
Martínez, Johan Carballeira...*

Esta mesma circunstancia permitiu tamén a salvación do material que levaba consigo, do que formaban parte os debuxos para *As cruces de pedra na Galiza* e outros textos. Nunha carta a Otero Pedrayo o 3 de xuño de 1936 expresaba así o medo que sentía polo futuro inmediato: *"Esto vai mal. Cada día peor. Non se sabe o que vai pasar. Eu teño medo"*. Contradicindo o anterior, nunha entrevista concedida en 1938 ao diario *Hoy*, da Habana, explica a súa intención de regresar a Galiza nos días previos á sublevación: *"Yo continuaba en la capital con motivo de ciertas gestiones para la entrega del Estatuto Gallego que yo había entregado al Presidente del Parlamento el día 15 de julio. Tres días antes de estallar el movimiento, sin embargo, quise marcharme a Galicia. Llegué a la estación en el preciso momento en que salía el tren. Vi partir el convoy y me quedé muy triste porque yo sabía que iba a estallar el movimiento en África, y quería estar en mi tierra. Al día siguiente ya no había tren. A eso debo estar vivo, probablemente"*.

Guerra e exilio

Castelao xa nunca volvería a Galiza. Ante a sublevación do 18 de xullo de 1936, permaneceu en Madrid ata outubro e dedicouse a organizar unhas milicias galegas en colaboración co Partido Comunista de España. A finais deste mes marchou a Barcelona e, en novembro, a Valencia, onde se constitúe o Goberno da

República. Neste tempo dedicouse, por un lado, a promover nas Cortes a aprobación do Estatuto e, por outro, a mobilizar os galegos no bando republicano e facer propaganda a favor da República. Con este fin, xa en 1937, colabora con dúas novas publicacións: *Nueva Galicia* (Madrid, 1937) e *Nova Galiza* (Barcelona, 1937), nas que participa con debuxos dos seus álbums de guerra e cunha nova serie de *Verbas de chumbo*. Canto ó Estatuto, consegue que se presente ante as Cortes en febreiro de 1938 pero non logra que se aprobe porque o Partido Socialista negase a nomear os seus representantes, quedando paralizado ata 1945.

É tamén durante estes primeiros anos da guerra cando publica os seus tres álbums da guerra: *Galicia mártir* (Valencia, febreiro de 1937), *Atila en Galicia* (València, xullo de 1937) e *Milicianos* (Nova York, agosto de 1938). Nos álbums maniféstase a carraxe de Castelao contra o fascismo e a exaltación do heroísmo dos loitadores e dos mártires a prol da liberdade. Castelao sentiu fondamente tódolos acontecementos da Guerra Civil española e maila represión, na que perdeu grandes amizades coma Alexandre Bóveda ademais de dous curmáns, José Losada Castelao e Manuel Rodríguez Castelao, no asalto do bou Eva.

Do 20 de abril ao 20 de maio de 1938 realizou unha viaxe oficial coa súa dona, por encarga do Ministro de Estado, Julio Álvarez del Vayo, dentro dunha comisión cultural republicana, á URSS (visitando Leningrado e Moscova, e despois a Ucraína Occidental e Acerbaixán). Nesta viaxe,

Castelao quedou impresionado pola aparente liberdade da que gozaban as nacionalidades e as distintas linguas e culturas. No Museo de Arte Moderna Occidental de Moscova puido asistir á exposición da súa obra encol do martirio de Galiza na "Sala Castelao".

"[...] Eu propoño a demostrar que Galiza é unha unidade nacional perfecta, e que, polo tanto, ten dereito a dispor dos seus destinos [...]"

¿Ten Galiza un idioma propio?, ¿Ten territorio diferente?, ¿Ten unha vida económica peculiar?, ¿Ten hábitos psicolóxicos reflexados nunha cultura autóctona? Pois logo Galiza é unha nacionalidade, e, polo tanto, ningún antifeixista pode negarlle o dereito de autodeterminación; é dicir, o dereito a gobernar a súa vida.[...]"

Algúns homes-galegos tamén- andan a falaren d-un idioma universal, único para toda a nosa especie.[...] Mais eu dígolles que a variedade de idiomas, co-a súa variedade de culturas, é o signo distinto da nosa especie, o que nos fai superiores aos animais.[...]"

Un idioma non nasce pol-a vontade xenial de un grupo de homes; nasce pol-a predisposición psicolóxica d-un povo, que, en condicións hestóricas favorables, crea unha cultura e a súa correspondente maneira d expresión. Porque un idioma é o corpo sensible d-unha cultura, e todo atentado â língoa [...] representa un atentado â súa cultura domiñante; pero endexamais se deixan assimilar. O problema do idioma en Galiza é, pois, un problema de

dignidade e de liberdade; pero máis que nada é un problema de cultura. Estamos fartos d-esa cultura esterelizada que nos fan mamar por biberón. Nós queremos mamar a cultura na propia teta. Pedimos garantías legais para o desenrolo natural do noso espírito, porque queremos volver a presentarnos diñamente no mundo, levando nas mans o ouro da nosa cultura (sabiduría manifestada) para ofrendarllo ao acervo espiritual da Humanidade."

Sempre en Galiza (1944), por Castelao

O 20 de xullo de 1938 embarca de novo, esta vez cara a Nova York, canda a súa dona no paquebote *Ille de France*, ao encomendarlle o Goberno a realización dunha campaña de axuda á República en América, para o que contou coa colaboración das Sociedades Hispánicas Confederadas, da Fronte Popular Antifascista Galega e da Casa de Galicia-Unidade Galega. Durante a xira polas principais cidades dos Estados Unidos, en compañía de Luís Soto, conseguiu recadar 50.000 dólares. En novembro visita Cuba, co mesmo obxectivo, e alí participou na campaña das eleccións ao Centro Galego da Habana apoiando á *Hermanidad Gallega*. En febreiro de 1939 regresa ós Estados Unidos, onde se dedicou a recoller fondos para os refuxiados que escapaban de España, ata establecerse (rematada a guerra) en Nova York a finais do verán. En setembro de 1939 é nomeado Xefe do Partido Galeguista.

Residiu case un ano en Nova York, onde non se sentía a gusto ("*Eu atópome en New York como nunha gaiola de ferro. Non vexo*

maneira de vivir. Busco e non atopo."). Neste período escribiu boa parte do libro II de *Sempre en Galiza*, que xa inclúe críticas máis explícitas ós dirixentes republicanos españois porque, trala perda da guerra, "*xa se cancelaron os convenios políticos que me obrigaban a calar*". Tamén recupera a redacción da obra teatral *Os vellos non deben de namorarse*, que comezara alí en 1931 e que agora reordena e modifica substancialmente, e debuxa a serie dos doce *Debuxos de negros* que xa comezara na súa viaxe a Cuba. Por fin, en abril de 1940 recibe a ansiada "Carta de residencia" en Arxentina que lle ía permitir deixar os Estados Unidos e ir vivir a ese país, instalándose definitivamente en Bos Aires, onde chega en xullo de 1940. Alí atopouse cunha mitoloxización da súa persoa contra a que se rebelou:

"Cando cheguéi a Bós Aires, sentáronme nunha cadeira, cobríronme cun fanal e dixéronme que era un "símbolo". Axiña comprendín que a cadeira era un ataúde, o fanal era unha sepultura i eu era o "difunto Castelao". Comparábanme a Curros e a Rosalía, e cicáis por eso mesmo non concebían que estivese vivo. Invitábanme a facer o morto —a ver, ouvir e calar—, porque deste xeito recibiría moitas honras [...]. Pero sucedeu que non quixen morrer dentro dun fanal, atafegado nunha campana pneumática, porque aínda teño moitas cousas que facer e moitas máis, que dicir. E como estimo a miña vida e os meus ósos espero morrer alí."

Verbas de chumbo, en Ronsel, Bos Aires, nº 1, 1941, p. 9.

Na Arxentina, Castelao dedicouse, ademais de continuar traballando no seu

libro *Sempre en Galiza* e na edición de *As cruces de pedra na Galiza*, a ilustrar libros infantís da Colección Billiken, así como a organizar e concienciar o amplísimo colectivo galego no ideario galeguista mediante diversos actos, discursos, conferencias e celebracións co gallo do *Día de Galicia*, o cabodano do asasinato de Alexandre Bóveda e mailo aniversario do plebiscito do Estatuto. Nun destes discursos, probablemente realizado nalgunha data de importancia en 1941, Castelao reflexionou sobre a súa condición de emigrante galego:

"Y ahora voy a haceros mi confesión de emigrado gallego. Me sentí refugiado en EE.UU.; pero aquí soy un emigrante, porque estoy siempre rodeado de gallegos y de este modo me siento en contacto con mi tierra. Y aunque muriese aquí mis huesos irían al camino de esqueletos que une a Galicia con la Argentina. Pero soy feliz porque tengo la esperanza de morir en mi tierra. Yo he de ir allá, cuando sobre mi patria alumbre el sol de la libertad y en los valles de mi país resuene el aturuxo de la victoria. (...)."

Castelao.

En agosto de 1941 estréase en Bos Aires e en outubro en Montevideo a obra *Os vellos non deben de namorarse*, para a que Castelao deseñou os decorados, o vestiario, as caretas e tódolos detalles. Tamén se dedica a ilustrar libros e deseñar portadas, para complementar os seus ingresos.

En 1944 publícase o seu libro magno *Sempre en Galiza*, que se presenta ó público o 2 de xullo. Nese mesmo ano

constitúese o *Consello de Galiza*, que proclama a Castelao como Presidente. Case simultaneamente nace o pacto *Galeuzca*, no que tamén participa activamente.

En 1946, o Goberno republicano no exilio de José Giral instálase en París e Castelao é nomeado ministro. Os galeguistas do interior (especialmente Ramón Piñeiro), premeron ante Giral para que Castelao fose nomeado ministro porque xa había un vasco (Manuel de Irujo) e un catalán (Nicolau D'Oliver) fronte ao candidato do vasco Aguirre e do propio Giral, Manuel Portela Valladares. Por este motivo trasládase a París e toma posesión en agosto. Por cousa das disensións cos socialistas de Indalecio Prieto, Giral vese obrigado a dimitir e dissolve o goberno, co que Castelao, desilusionado, decide regresar a Bos Aires, a onde marcha en xullo de 1947. Da pouca utilidade que lle ve ao goberno Giral é mostra a descrición que fixo Castelao de ser "*un barco varado, incapaz de navegar*". En resumo, Castelao ostenta o cargo de ministro sen carteira desde abril de 1946 (de facto, desde agosto) ao 26 de xaneiro de 1947, en que se dissolve o goberno. Durante este tempo súmaselle ó desencanto con boa parte da política española no exilio as desavinzas coa dirección interior do Partido Galeguista, como se ve no intercambio de correspondencia entre Castelao e a dirección interior, entre outras cousas pola intención de constituír unha delegación do

partido en París para dirixir a política galeguista do exilio, ou pola de facer a Xoán Xosé Plá parceiro del para "*servir as consignas do Comité*".

CASTELAO



—Non están civilizados; están domesticados, que non é o mesmo.

Enfermidade e pasamento

É na breve estancia en Francia cando comezan a manifestarse os primeiros síntomas da enfermidade cancerosa que



Castelao estudou as cruces de pedra bretoas e galegas, como esta, o cruceiro mais antigo de Galiza, en Melide.

sufría, como unha afección ó fígado que o tivo na cama unhas cantas semanas. Xa na Arxentina, Castelao retomou a actividade política e participou en numerosos actos públicos,

como o coñecido discurso *Alba de Groria* no día da Patria de 1948, pero a comezos de 1949 diagnósticaselle un cancro de pulmón incurable aínda que os médicos só lle din que ten un "*proceso infeccioso no pulmón esquerdo*" que esixe repouso e tratamento médico. Os médicos decidiron ocultar a gravidade da enfermidade tanto a Castelao como á súa muller, e semella que el non foi consciente da inminencia da morte. En xuño de 1949 escribía escusando a súa presenza nun acto do Centro Pontevedrés de Bos Aires que "*estou absolutamente seguro de repoñer a miña saúde e de acompañalos no ano próximo, por este xa se vé que non é posible*"; en decembro escribía ao seu amigo Manuel Roel: "*Estou enfermo pero sandarei. Algún día nos veremos na verde Betanzos*".

Castelao, recluído no seu domicilio e cada vez con maiores dores -que el describía como que "*xa está eiquí o corvo, xa está o corvo peteirando*", dedícase a preparar a edición de *As cruces de pedra na Galiza* pero só consegue ver impresas e asinar as primeiras páxinas. Finalmente, para intentar reducir as dores que sufría, os médicos deciden sometelo a unha lobotomía prefrontal. O día 2 de xaneiro de 1950 ingresárono no Sanatorio do Centro Gallego de Bos Aires, o 4 operárono pero non consegue recuperarse da operación e morre pouco antes da medianoite do 7 de xaneiro, sen chegar a cumprir os 64 anos. Foi embalsamado para cumprir o seu desexo de, algún día, regresar a Galiza e, ademais, o escultor Domingo Maza faille unha mascariña da cara e un baleirado en xeso da súa man dereita. Foi soterrado o día 9 no cemiterio da Chacarita, de Bos Aires, no medio de grandes mostras de solidariedade da poboación bonaerense e dos exiliados galegos, que ateigaron as rúas amosando o seu afecto polo egrexio Castelao.

A censura

Non cabe estrañarse da censura que estableceu o goberno de Franco sobre toda a obra de Castelao. Especialmente significativa é a nota que a Dirección Xeral de Prensa envía aos xornais para advertirilles do tratamento que debían dar á noticia do pasamento:

"Habiendo fallecido en Buenos Aires el político republicano y separatista gallego Alfonso Rodríguez Castelao se advierte lo siguiente: La noticia de su muerte se dará en páginas interiores y a una columna. Caso de insertar fotografía, esta no deberá ser de ningún acto político. Se elogiarán únicamente del fallecido sus características de humorista, literato y caricaturista. Se podrá destacar su personalidad política, siempre y cuando se mencione que aquella fue errada y que se espera de la misericordia de Dios el perdón



Tumba de Castelao no Panteón de galegos ilustres

de sus pecados. De su actividad literaria y artística no se hará mención alguna del libro "Sempre en Galiza" ni de los álbumes de dibujos de la guerra civil. Cualquier omisión de estas instrucciones dará lugar al correspondiente expediente"

Regreso a Galiza

Os seus restos mortais foron repatriados e levados para o Panteón de Galegos Ilustres, no convento de San Domingos de Bonaval(Santiago de Compostela), o 28 de xuño de 1984, coincidindo co aniversario do plebiscito que aprobou o Estatuto de Galiza, en medio de manifestacións nacionalistas que acusaban as autoridades de que *"os que o exiliaron agora fanlle honores"*. Cómpre destacar o desexo de Castelao de que o seu corpo, de morrer no desterro, fora repatriado a Pontevedra, xa que se consideraba pontevedrés *pola miña propia vontade e pola identificación coas terras e xentes de Pontevedra*.

O mesmo día en que chegan os restos de Castelao, concédeselle a título póstumo a Medalla de Ouro de Galicia e, en decembro dese mesmo ano a Xunta crea a Medalla Castelao.

Pensamento político

Castelao define o seu ideario como un ideario nacionalista

galego, federalista, pacifista, progresista e universalista. Acepta o concepto das autonomías na Segunda República Española como a máxima aspiración posible no momento, pero sen renunciar ao federalismo. Tamén pode ser denominado europeísta xa que afirma que a súa meta é chegar a uns Estados Unidos de Europa. Defende a acción como motor do pensamento (*filosofía da praxe*) criticando a quen defende un ideal mais en realidade non quere velo realizado por procurar tan

só as honras e a posteridade. O pensamento político de Castelao atópase, fundamentalmente, no libro *Sempre en Galiza*.

Idea de Hespaña

Castelao empregou sempre a verba Hespaña con H diante para facela derivar de Hispania.

"(...) Hespaña, cuio nome tivemos que humedecer cunha letra de máis para facelo respectable aos nosos ollos, pois do seu goberno sóio se nos ocorre decir que é máis odioso por hipócrita que por tiránico. Sacámolle á verba España todo canto ten de prosapia castelán (abonda engadirille unha H para derivala de Hispania) e con ela abranguemos a Península enteira, facéndoa sinónima de Iberia."

Rodríguez Castelao, Alfonso Daniel. *Sempre en Galiza*.

Para el, Hespaña non era outra cousa que unha entidade sociolóxica que abranguía toda a Península Ibérica. Por isto mesmo, afirma en varias ocasións que Portugal é Hespaña, e apóiase nas verbas de Camões ou nas de Almeida Garret:

"Hespañoes somos, de hespañoes debemos prezarnos tódolos habitantes da península; pero de casteláns, non."

Castelao. *Sempre en Galiza*.

"Cataluña, Euzcadi e Galiza teñen a misión histórica de transformaren a estrutura xurídica de Hespaña; pero Galiza ten, ademáis, outra misión trascendente: a de atraguer Portugal á comunidade da gran familia hispánica."

Castelao. *Sempre en Galiza*.

Porén, malia afirmar en repetidas ocasións a pertenza de Portugal á hispanidade, outras moitas veces esquece mencionalo ó enumerar as nacións de Hespaña. Probablemente refírese entón ó estado español dos anos trinta.

Afirma entón que o estado español debe recoñecer a súa realidade plurinacional. Segundo el, Hespaña era unha unidade formada por catro nacións: Castela, Cataluña, Euzcadi e Galiza:

"Concebimos a Hespaña como un soio estado, constituído polo libre consentimento de catro pobos: Castela, Cataluña, Euzcadi e Galiza."

Castelao. *Sempre en Galiza*.



Estatua de Castelao en Ourense

Galiza como nación

O IX Congreso de Nacionalidades Europeas e a Terceira Internacional definiron Galiza como unha nación, xustamente o

mesmo que sostén Castelao. Castelao apela para demostrar que Galiza é unha nación á definición que dá Stalin, non por sentirse ideoloxicamente próximo a el, senón por

consideralo como un autor imparcial neste tema:

"Nación é unha comunidade estable, historicamente formada de idioma, de territorio, de vida económica e de hábitos psicolóxicos reflexados nunha comunidade de cultura. Somentes a eistencia de tódolos signos distintivos, en conxunto, pode formar a nación."
Castelao. Sempre en Galiza.

Partindo da base de que Galiza é unha nación, Castelao afirma que como tal ten dereito á autodeterminación.

"Unha nación é soberán e ten dereito a organizarse autonomicamente, sen máis límites que os derivados do respecto ao dereito igoal das demais nacionalidades. A nación ten dereito a federarse con outras e a separarse da federación cando lle conviñer. Unha nacionalidade, pois, ten dereito, incluso, a constituírse en Estado independente."

Castelao. Sempre en Galiza.

Castelao rexeita expresamente as reivindicacións nacionais excluíntes baseadas na raza, en certa oposición ás teses de Vicente Risco e outros teóricos:

"Para nós, os galegos, afeitos a percorrermos o mundo e a convivir con tódalas razas, o nacionalismo racista é un delito e tamén un pecado."

Castelao. Sempre en Galiza.

"Os ingleses aldraxan aos escoceses; os franceses aos bretóns; os casteláns aos galegos. E todos eses aldraxes non son máis que un recoñecemento tácito do "carácter nacional".

Castelao. Sempre en Galiza.

Separatismo e universalismo

Castelao rexeitaba o separatismo e defendía a federalización de Galiza cos demais pobos ibéricos como método para conseguir a liberdade de Galiza.

"Non somos separatistas da Hespaña verdadeira nin tan siquiera da falsa e ficticia, se é que esta nos permite creer na súa transformación; é dicir, se nos deixa manifestar os nosos pensamentos en réxime de liberdade. Por eso somos ardidos defensores da República e dunha democracia asentada na liberdade."
Castelao. Sempre en Galiza.

Porén, co tempo, foi aceptando a posibilidade da independencia de Galiza, aínda que esta non fora a súa idea política.

"Se eu agora tivera nas mans a posibilidade de independizar a Galiza non dubidaría en aceptar esa posibilidade para salvar a miña Terra do terrorismo falanxista e para decirlles a tódolos hespañoes desterrados: "Vinde a este anaco de terra hispana para vivirdes en liberdade".

Castelao. Sempre en Galiza.

"Diremos lealmente que a nosa condición de "separados" está próxima a trocarse en enerxía "separatista", porque nin os demócratas hespañoes queren comprendernos.(...) Despois do devandito sóio nos resta engadir que se os demócratas hespañoes nos considerasen separatistas non teríamos máis remedio que selo realmente; pero no entanto debemos defender a lexitimidade das nosas ideas, amostrándolle aos galegos apoucados a estrela das nosas esperanzas."
Castelao. Sempre en Galiza.

"Somos "separatistas" cando defendemos os valores sustantivos da nosa nación e somos "unionistas" cando consideramos a necesidade de coordinar os nosos valores relativos cos valores relativos do resto de Hespaña e do mundo."

Castelao. Sempre en Galiza.

Porén, Castelao sempre defendeu que a federalización ou autonomía de Galiza era favorable para integrar a Galiza no mundo, un pensamento moi na liña da Xeración Nós, que expresaban coa frase *"Galiza, célula de universalidade"*. Ademais, a liberdade e autonomía de Galiza favorecería a súa relación co mundo lusófono, así como a unidade de Iberia, grazas á intermediación de Galiza.


"Galicia, por su afinidad espiritual con Lusitania, por la comunidad de su idioma con la de esta nación, en cuyo vasto imperio, colonial y pueblos como el Brasil, millones de hombres usan el mismo medio de expresión, puede ser el vínculo entre los

dos Estados peninsulares, y por su capacitación para comprender la nueva forma de vida superior, más humana que se gesta en la Sociedad de Naciones, donde, por cierto, es un gallego, Madariaga, uno de los principales proponentes, dar a Iberia la ocasión de asumir el papel de rectora de un vasto imperio del espíritu, conquistado sin más armas que las de la inteligencia y la cultura.

Para esto queremos nuestra autonomía, que no excluye nuestro sentido universalista.

Los que nos tachan de particularistas de tener un concepto aldeano de la política española; los que nos tildan de ilusos y locos, no aciertan a ver con la amplitud que nosotros, los destinos de la humanidad, a cuya perfección debe colaborar un pueblo como el nuestro, tan bien dotado espiritualmente."

Entrevista no xornal *La Vanguardia* (12/06/1936).



Galeuzca

Artigo principal: **Galeuzca.**

Castelao foi un forte partidario dos pactos Galeuzca, entre as nacións vasca,



Busto de castelao na Coruña

representantes de varias asociacións e partidos das tres nacións. No documento reclamábase a plena soberanía política para as tres rexións das que procedían, definidas como nacións e se propuña a creación dun consello conxunto para unir forzas. Porén, durante a ditadura de Primo de Rivera, as diferenzas ideolóxicas entre Estat Català e o PNV e a escasa forza política dos nacionalistas galegos deixaron o proxecto en vía morta. Nacionalistas galegos e cataláns participarían no Pacto de San Sebastián.

Ata 1933 non se volveu propoñer a reactivación do pacto, cando o PNV se aliou con Francesc Cambó, Acció Catalana e Palestra. O 2 de abril de 1933, Castelao viaxou a Guernica para participar nun mitin organizado por ANV, no que tamén participaron membros desta formación

e o membro de ERC Riera i Puntí. Alí Castelao asinou un convenio de solidariedade entre as tres nacións, xunto a Riera i Puntí e Sabin Seijo, de ANV. O texto asinado dicía así:

Identificados Vascos, Catalanes y Gallegos, ante el problema de liberación de nuestros respectivos pueblos, sellamos hoy bajo el árbol de Gernika el pacto de mutua solidaridad que ha de traernos la satisfacción de aquel anhelo. Gernika, 2 de Abril de 1933. Gora Euskadi Askatuta Seijo'tar Sabin Viva Galiza Ceibe Alfonso R. Castelao Visca Catalunya Lliure Dr. J. Riera i Puntí

O interese por un pacto trinacional foi medrando, uníndose o PNV, e entrando en conversas, que frutificarían no Pacto de Compostela ou asinado no local do Seminario de Estudos Galegos o 25 de xullo de 1933.

As arelas de liberdade coutáronse tralo triunfo das tropas franquistas na guerra civil española en 1939 (en Galiza, as tropas franquistas tomaron o poder ós poucos días do golpe de estado de 1936, e canda si trouxo consigo unha brutal represión). Aínda así, os acordos entre as tres nacións trasladáronse ó exilio, canda Castelao e outros moitos. Así, o 9 de maio de 1941, promoveuse un novo pacto en Bos Aires, baixo o nome de *Galeuzca*, reclamando a autodeterminación dos tres pobos e o

apoio dos Aliados. Entre os asinantes atopábase Castelao.

O pacto foi ratificado en México o 22 de decembro de 1944 e entre outros obxectivos, propúñase combater a ditadura franquista, afirmar a identidade das tres nacións, defender os seus dereitos, traballar polo restablecemento da república e oporse á restauración da monarquía. Aínda así, non chegou a ter ningún resultado práctico, e Castelao turraría para manter aceso o pacto.

En agosto de 1945 saíu do prelo o primeiro número da revista Galeuzca, de carácter mensual, duraría 12 números, deica xullo de 1946. Nela Castelao escribiría en varias ocasións.

Lingua escrita

No aspecto gráfico a lingua que empregou Castelao é semellante á da actual normativa da lingua galega. Utilizou o *x*, o *ñ* e o *ll*, nun rexistro escrito que ó longo do tempo se vai afastando do rexistro falado, así a segunda forma do artigo cada vez ten menos presenza na lingua escrita de Castelao ata desaparecer, agás para reproducir diálogos de personaxes populares, igual acontece coa contracción de *a máis o* que nun primeiro momento representaba contraído como *ô*. Seguindo a tradición do galego moderno escrito non representou graficamente o timbre das vogais medias, agás nuns poucos casos na súa primeira época mediante o emprego do acento circunflexo (*lêr* por exemplo).

O uso do apóstrofo está presente de forma abondosa no primeiro Castelao pero gradualmente chegou a eliminalo dos seus escritos. O trazo utilízao en formas como *po-lo* e *todo-los* dun xeito constante ó longo da súa obra. Na súa escrita mantéñense características propias do galego de Rianxo, pertencente ó galego occidental como os plurais en *-ns*, a forma *-án* para o feminino, terceira persoa do singular do pretérito indicativo en *-eu*.

Importancia da lingua galega en Castelao

A miúdo Castelao vinculaba o futuro de Galiza ó futuro da lingua galega:

A dominación de Galiza endexamais será efectiva entrementras fale un idioma diferente do castelán. Castelao. Sempre en Galiza.

Se aínda somos galegos é por obra e gracia do idioma. Castelao. Sempre en Galiza.

"¿Ten Galiza un idioma propio?"

Estamos fartos de saber que o povo galego fala un idioma de seu, fillo do latín, irmán do castelán e pai do portugués. Idioma apto e axeitado para ser vehículo dunha cultura moderna e co que aínda podemos comunicarnos con máis de sesenta millóns de almas."

Castelao, Sempre en Galiza (1944)

Consideraba, ademais, o castelán como unha lingua invasora, rexeitando enerxicamente o bilingüismo:

Un pobo sometido á loita de dous idiomas acaba por non saber espresar o que sente. Cando a un pobo que canta e fala nunha língoa creada polo seu propio xenio, se lle impón a obriga de adoptar un idioma estraño á súa personalidade afectiva, prodúcese un esmorecemento do lingoaxe que comeza pola inhibición e remata pola impotencia.

Castelao. Sempre en Galiza.

E xa é hora de decir que Galiza será forte en Hespaña cando se negue a falar en castelán e fale fortemente a súa língoa.

Castelao. Sempre en Galiza.

¿Con que dereito se nos obriga a aprendermos a lingua de Castela e non se obriga aos casteláns a aprenderen a nosa?

Castelao. Sempre en Galiza.

Obra

Polifacético novelista, debuxante, caricaturista, pintor, teórico da arte e político, sempre reflectiu na súa obra o seu compromiso co galeguismo e coa solidariedade:

"O arte en min non foi nin será máis que un xeito de expresión do meu nazionalismo. Deixese pois de faguer distingos antre

o Castelao-artista e o Castelao nazionalista, eu non teño máis que unha personalidade. Eu son o que fun e o que serei; o que fun soio cos meus pensamentos alá en Compostela, o que son en comunidade de ideas con moitos, o que serei sempre."

Carta aberta a Marcelino Pedreira, La Zarpa, 1922.

O 31 de xullo de 2008, o Consello da Xunta aprobou un convenio entre a Consellería de Cultura e a Fundación Castelao para a catalogación e dixitalización de tódolos textos, obras, discursos, cartas, fotografías, debuxos e calquera material atribuído a Castelao disperso actualmente en diversos países en hemerotecas, organismos oficiais e coleccións públicas e privadas. O investimento aprobado foi de 300.000 euros e o obxectivo é crear un fondo accesible ó público na futura Cidade da Cultura.

O coordinador do proxecto, Miguel Anxo Seixas Seoane, vicepresidente da Fundación, estima un total dunhas 3.000 obras a catalogar, para o que se prevé un traballo de dous anos tanto en Galiza como en Madrid, Estados Unidos, Cuba, México ou Arxentina.

Narrativa

Iniciouse na narrativa con relatos curtos publicados na prensa da época a partir de 1919. En *Cousas*, *Retrincos*, *Un ollo de vidro* e *Os dous de sempre* establece un conxunto único na narrativa galega que culmina coa

colección de ensaios *Sempre en Galiza*, conectando literatura, política e teoría do galeguismo. A súa visión literaria tenta desmitificar os tópicos costumistas cun humorismo sarcástico e, de cando en vez, esperpéntico.

- *Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete* (1922)
- *Cousas* (1926, 1929)
- *Os dous de sempre* (1934)
- *Retrincos* (1934)

Teatro

Só escribiu unha obra de teatro, titulada *Os vellos non deben de namorarse*, comedia que conta os amores tardíos de tres vellos con tres mozas novas, e que incorporaba tendencias renovadoras do teatro europeo xunto coa tradición popular galega.

- *Os vellos non deben de namorarse* (representada en 1941, publicada en 1953)

Ensaio

A obra *Sempre en Galiza* é o ensaio máis importante escrito por Castelao, obra feita desde un punto de vista nacionalista. Por outra banda, *As cruces de pedra na Bretaña* e *As cruces de pedra na Galiza* tratan sobre a arte popular.

- *Diario* (escrito en 1921, publicado en 1977)

- *As cruces de pedra na Bretaña* (1930)
- *Sempre en Galiza* (1944)
- *As cruces de pedra na Galiza* (1950)

Debuxo

Os seus debuxos, complementados con textos agudos, móstranos a Galiza agraria e o caciquismo. Representados por personaxes populares, labregos e mariñeiros, e pobres xentes do campo, cegos e desamparados, as ilustracións transmiten o sufrimento que estes padecen, todo isto baixo un punto de vista crítico e realista mais cunha fina ollada humorista.

No seu álbum *Nós* móstranos unha colección de debuxos que datan de 1916 a 1918. Os derradeiros álbums son a expresión dos horrores da Guerra Civil.

- *Álbum Nós* (exposición, 1920; edición impresa, 1931)
- *Cincoenta homes por dez reás* (1925)
- *Cousas da vida* (1925)
- *Galicia mártir* (1937)
- *Atila en Galicia* (1937)
- *Milicianos* (1938)
- *Debuxos de negros*
- *Cegos: os meus compañeiros*


Selos de correos

Castelao deseñou tres selos de correos en 1939 para a República Española. Estes selos eran para correo de campaña, recadar fondos para a república. Están catalogados como NE

(non expedidos), números NE 47, NE 52 e NE 54 teñen valor facial de 10 céntimos, 70 céntimos e 90 céntimos, respectivamente.

- O NE 47, de 10 céntimos e cor violeta, representa unha parella de labregos sentados xunto a un hórreo co texto: *Supervivientes*.

- O NE 52, de 70 céntimos e cor castiño, representa a unha muller rezando axeonllada fronte a un cruceiro. O texto pon: *¡Queman, roban y asesinan en tu nombre!*.
- O NE 54, de 90 céntimos e cor azul escuro, representa a dous nenos chorando fronte a un morto. O selo ten o texto: *La última lección del maestro*.



—Se che falta o brazo, eu te defenderei... ¡sou muller galega!

Que vai ocorrer este mes en Ribadumia:

Programación Auditorio:

- Domingo 04, as 17:00, actuación de maxia a cargo da maga "aleria Varitas"
- Domingo 12, as 19:00, Actuación **de Manuel Miguez**, acompañado a frauta e guitarra **por Ingrid Landivar**.
- Domingo 19, as 19:00, actuación do grupo "**Musica a la carta**".
- Domingo 26, as 19:00, teatro co grupo **O noso lar**, coas obras "**Como esta o servizo**" e "**Eramos poucos e pariu a avoa**".

Programación Cervexeria Encontro:

- Venres 10, as 00:00, concerto de **Singles**.
- Venres 17, as 00:00, concerto de **Tania and the Shellbreakers**.(por confirmar)
- Venres 24, as 00:00, concerto de **Os claretos**.
- Sabado 1 de febreiro as 00:00, concerto de **desequilibrio Mental**

Outras actividades:

- O domingo 12 de Xaneiro, a partires das 11:00, celebrarase o II Duatlón Cross Ribadumia, nas inmediacións da ponte de cabanelas. Esta proba é a primeira do Circuito Galego de Duatlon, e esta organizada pola Asociación Cultural herminio Barreiro e o Club Nautico O Muiño.

Esta proba , unha das actividades mais importantes que organiza esta asociación o longo do ano, resulta especialmente interesante, pois transcurre nun entorno de gran beleza, ademais de ser polas súas características unha proba que agrada a espectadores e participantes.